

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

O MAR que nos dá...!



C.E.I.P. MILLADOIRO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

CURSOS 2017/19

1. Introducción

Este proxecto nace no **C.E.I.P. Milladoiro**, un centro pequeno (166 alumnos/as matriculados no presente curso 2018/19) situado nun pobo mariñeiro da Costa da Morte, Malpica de Bergantiños. Ubicado na provincia de A Coruña conforma, xunto con outras localidades, a comarca de Bergantiños. Na actualidade ten aproximadamente 5.500 habitantes, presentando unha tendencia á diminución progresiva da poboación que parece imparabile nos últimos vinte anos. A capital do concello é Malpica, lugar onde se atopa o colexio, pero tamén ten outros núcleos de poboación importantes como o pobo alfareiro de Buño.

A vocación mariñeira desta vila é incuestionable pero os últimos datos estatísticos (2017) amosan que a poboación malpicá xa non ten o mar como actividade prioritaria ([VER IGE 2016](#)). Habida conta de que a educación, e por extensión os centros educativos, temos un compromiso coa sociedade á que nos diriximos, abordamos este PDI cun obxectivo múltiple:

- divulgar e/ou rescatar o coñecemento secular que do mar, os traballos, recursos e actividades económicas que lle son propios, ten a sociedade malpicá.
- poñer en valor o pasado mariñeiro da vila e facelo chegar ás novas xeracións.
- abrir fiestras ao coñecemento de actividades económicas marítimas que superan á puramente extractiva.

Baseándonos nestas liñas de traballo buscamos propostas sempre curriculares, avaliábeis dentro das programacións de actividades e contidos das aulas, ademais de introducir todos os novos recursos tecnolóxicos ao noso alcance para que sexa un proxecto propio do século no que estamos. Este enfoque traballa a favor de todos: das dinámicas da aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), do profesorado e tamén, e o máis importante, do alumnado, que recibe propostas de traballo ALFIN con enfoque disciplinario e coa seriedade e importancia do traballo curricular e avaliábeil. O noso modelo é chegar a ser **unha Escola Bibliotecaria**. É por isto que a nosa Biblioteca Escolar (BE) constitúe a columna vertebral do centro e calquera iniciativa, organización do currículo, proxecto... que nace entre nós ten sempre como referencia básica a existencia dun centro de recursos documentais organizado e ben dotado.

Así, a nosa BE é o eixo vertebrador de Proxectos Documentais Integrados (PDI), dos que damos conta estes últimos anos, tales como: [Comer e contar polo mundo](#) (Cociña e narración internacional), [Que serej, que serás...](#) (Oficios tradicionais), [Heiche de contar un conto](#) (Contos clásicos), [Pintamos moito](#) (Pintura)... No pasado curso 2017/18 iniciamos o proxecto **O mar que nos dá...!**, continuando no presente curso dada a amplitude de posibilidades e recursos que este tema permite. É un proxecto que se levou a cabo grazas á implicación de todo o profesorado (18 mestres/as), do alumnado e de toda a comunidade educativa.

2. Mapa curricular

Todos estes aspectos pedagóxicos están amparados no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, e no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, pola que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia*, sendo sempre o punto de partida do noso traballo. Unha das principais novidades do actual currículo é a incorporación das competencias básicas introducidas na *LOE*, e recalcada a súa importancia na *LOMCE* renomeándoas como **competencias claves**. Estando presentes neste proxecto da seguinte

maneira:

- **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):** crear entusiasmo pola lectura e a escritura; aprender vocabularios específicos; recoñecer as características do informe, a descrición, o texto instrutivo o texto electrónico e a exposición oral como xéneros textuais diferenciados; elaboralos; reflexionar sobre aspectos gramaticais e ortográficos da linguaxe escrita; idem sobre as singularidades da exposición oral; ampliar o propio vocabulario.
- **Competencias Dixital (CD):** crear carpetas; utilizar un procesador de textos; gardar documentos; facer uso de, alomenos, dous navegadores (Firefox, Explorer, Opera, Chrome...); capturar imaxes e inserilas respectando a ética das publicacións; usar o correo electrónico; crear un caderno electrónico; crear un arquivo de voz; publicar nos blogues seguindo as pautas do texto electrónico e introducirse en ámbitos tan novidosos como o deseño e a impresión 3D.
- **Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT):** usar de modo eficaz as unidades de masa e lonxitude así como as medidas marítimas e mariñeiras; coñecer o valor doutras moedas relacionándoas co euro; realizar comparacións de tamaños dos animais mariños establecendo cales son os permitidos na pesca; comprobar a necesidade de empregar as matemáticas nos distintos aspectos da vida: para o cálculo de áreas o distancias, para conteos de especies, para todo o relacionado coa economía...
- **Competencia para Aprender a Aprender (CAA):** propoñer preguntas; saber transformar a información en coñecemento; adquirir autoconfianza así como o gusto por aprender; recoñecer as diferentes fontes de información e aprender a usalas segundo a súa idoneidade; recoñecer as fontes orais como tales e aprender a darlles a categoría de *informantes*; aplicar os novos coñecementos a diferentes contextos; valorar as fontes orais; familiarizarse cos tópicos documentais (en liña e en papel) que permiten búsquedas eficaces.
- **Competencia Sociais e Cívicas (CSC):** tomar conciencia e aplicar de forma eficaz os coñecementos adquiridos para mellorar as actitudes cara o respecto, coidado e mellora tanto da natureza, do mar e os seus distintos oficios e traballos; valorar as tradicións; a evolución económica e a vinculación ao mar de Malpica.
- **Sentido da iniciativa e Espírito Emprendedor (SIE):** coñecer as diferentes actividades, económicas, empresariais e laborais relacionadas co mundo marítimo; recoñecer as necesidades e problemáticas da sociedade malpicá; propoñer actividades marítimas máis aló do ámbito extractivo que respecte os dereitos laborais dos traballadores.
- **Conciencia e expresións Culturais (CEC):** aprender a identificar e valorar a diversidade cultural; analizar e reflexionar sobre hábitos de consumo relacionándoos coa produción mariñeira do seu territorio (outros produtos que veñen do mar e NON SON peixe); coñecer e valorar o pasado próximo da comunidade humana á que pertence; valorar os recursos propios e próximos elevando a mirada ao seu valor noutros contextos.

Tendo en conta a importancia de garantir a adquisición das competencias claves, propuxemos algúns **estándares de aprendizaxe** que serán de utilidade ao profesorado á hora de programar as diferentes secuencias de aula:

- Observa e identifica as características e clasifica os seres vivos.
- Describe, empregando diversas fontes, algúns dos ecosistemas existentes en Malpica, en particular, e en

Galicia, en xeral, e recoñecen os seres vivos que habitan neles.

- Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais no noso planeta.
- Interésase pola natureza próxima, respectando a súa flora e fauna, e síntese parte integrante dela.
- Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio, valorando o reciclaxe e a reutilización dos distintos materiais.
- Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e conservación do medio ambiente.
- Valora o pasado próximo da súa comunidade e as tradicións da vila relacionadas coa vida mariñeira e as súas xentes.
- Propón de forma creativa oficios dependentes do mar, sostibles e respectando o medio ambiente.

3. Descrición do proxecto

No curso 2017-18 comezamos un proxecto interdisciplinar empregando o MAR como tema que nos uniu, servindo de nexo transversal para traballar entre todos os niveis. Considerámolo un tema tan importante, con tanta riqueza e que aportaba tanto que continuamos e afianzamos o traballo sobre os aspectos marítimos no presente curso 2018-2019; e máis tendo en conta que o profesorado contaba con máis proxectos, tanto a nivel de aula como de centro, para desenvolver en torno a este gran centro de interese.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso 2017. Unha vez aprobado polo Claustro foi este equipo quen coordinou e organizou as diferentes actividades levadas a cabo durante estes cursos, pero o obxectivo final era que os mestres/as adaptase devandita temática, aportando o seu enfoque persoal e estilo didáctico, para integrala na didáctica da súa aula formando parte da programación. Aínda así, o equipo de Biblioteca ofreceu diferentes posibilidades de enfoque:

- **O mar que foi...:** unha mirada ao pasado mariñeiro de Malpica, da Costa da Morte... abordando temas como as embarcacións, o uso das mesmas, oficios desaparecidos, artes de pesca, métodos de conservación... Algunhas propostas concretas que se fixeron foron Malpica e a pesca de balea, Industrias de Malpica relacionadas co mar (encascadoiros, algas, conservas...), rutas de cabotaxe, expedicións marítimas, monstros mariños...
- **O mar que é, o mar que será:** abordando a riqueza que obtemos do mar na actualidade e as diferentes posibilidades de explotación no futuro, superando a visión centrada na pesca.
- **MareArte:** partimos do mar como fonte de explicación para as diversas artes: pintura, escultura, novela, poesía... e como a contaminación dos mares e o reciclaxe estanse a converter en grandes temáticas artísticas.

Por outra banda, o Equipo de Biblioteca xunto co resto de equipos achegou propostas de traballo con motivo das diferentes datas a celebrar en común. Estes cursos foron: o Samaín (o medo, os monstros mariños, as lendas, as cabazas mariñeiras, as cidades asolagadas...), a Paz (a unión de dous lugares a través do mar, a emigración a través dos océanos por mor da guerra...), Entroido (contos co sabor a mar e lendas mariñeiras), Semana da Muller Traballadora (nai, avoas, tías... que viñeron ao noso centro a contarnos a dureza dos traballos relacionados co mar), Mes das letras (propostas naquilo que nos caracteriza, escritores e escritoras galegos que abordaron o mar nas súas páxinas).

4. Documentación elaborada para á comunidade educativa

Documentos para o **profesorado** para o desenvolvemento do proxecto:

- Plan lector: incluíndo lecturas como *As pescadoras* de Nadia Menotti, *Rosaura e o mar* de Isabel Blanco, *Os piratas da Illa de Esperanza* de Rivadulla Corcón, *Nadarín* de Leo Leonni, *Acuario* de María Canosa, entre outros.
- Itinerarios lectores relacionados con cada unha das actividades do proxecto.
- Exposición de libros relacionados co mar.
- Guía de tarefas concretas a realizar en cada momento do curso relacionadas co proxecto.
- Calendario de actividades.
- Información no blogue que completa as actividades propostas e aporta recursos para enriquecer cada unha delas.
- Dossier de organización para cada unha das conmemoracións que se celebran no centro e relacionamos co mar (Samaín, Nadal, Día da Paz, Día da Muller, Entroido, Mes das Letras).
- Manual para empregar as TAC (programa Aurasma, códigos QR, Chroma...).

Para o **alumnado**:

- Guía de lectura con recomendacións relacionadas co mar.
- Carteis e murais.
- Expositor anual na biblioteca con libros relacionados co mar.
- Mochilas viaxeiras e bolsiñas de préstamos semanais con libros mariñeiros así como contos da mesma temática.
- Libros de consulta na biblioteca que recollen as actividades realizadas.
- Murais sobre os concursos de monstros mariños e cidades asolagadas.
- Rutas polos corredoiros e guías para o alumnado de 6º.

Para a **comunidade**:

- [Vídeo](#) de presentación da PDI no blogue adicado a este fin Porto da Gaia.

5. Metodoloxía

O PDI ofrece ao profesorado un marco no que encadrar as tarefas integradas e proxectos que deseñen e propoñan aos escolares. Serve, asemade para enmarcar as tarefas que a biblioteca escolar elabora e propón ao longo do curso con motivo de celebracións escolares. En calquera caso, a BE ofrece o apoio (recursos, materiais, asesoramento...) que o profesorado e o alumnado precisan para desenvolver o seu traballo nas aulas. Con este espírito emprendemos un método de traballo cunha mirada continua sobre O MAR, que sexa, ao tempo, nova e vella; porque nos é próximo, porque nos rodea, porque nos enriquece... porque é NOSO e condiciona a nosa maneira de estar no mundo.

Partindo destas premisas elaboramos unha proposta de traballo con carácter global, que facilite os aprendizaxes significativos e que este rodeado dun sentido social, sendo o Aprendizaxe Baseado en Proxectos (ABP) a estratexia fundamental que empregamos por cumprir con estes obxectivos. Desta maneira, o ALUMNO é o principal axente no proceso de aprendizaxe e os mestres deben guiar, acompañar e conducir as actividades pola liña curricular programada pero deixando a liberdade precisa para que desperten o verdadeiro interese.

Procuramos que todas as actividades tiveran un momento inicial de reflexión, analizando os coñecementos previos sobre o tema en si, o que queremos ou precisamos para realizar a tarefa, as inquietudes do alumnado para que a tarefa sexa frutífera... seguidamente realizamos unha investigación, a través de diferentes medios e en pequenos grupos. Anotamos os materiais que precisamos e como abordaremos a tarefa, comprobando as ideas previas que tiñamos e modificando todo aquilo que sexa preciso. Facemos unha lectura colectiva da actividade, o reparto de tarefas e a elaboración da mesma. Limpeza e recollida e dependendo das actividades os traballos expoñeranse na clases, nos corredores, no murais adicados a este fin... prestando especial atención as exposicións que se fixeron no III e no IV Día da familia.

5.1. Recursos dispoñibles

Para o profesorado

- [Alfabetización informacional dende a biblioteca escolar. A escrita: vida escolar e vida real](#) (publicado no nº11 da revista ENSAIO, abril 2012).
- [Aprender a buscar na rede con eficiencia](#) que orientará ás pescudas eficientes na web.
- [Plantilla para deseño de tarefas integradas.](#)

Para o alumnado:

- [Caderno ALFIN](#)
- [Aprender a buscar na rede con eficiencia](#)

Na biblioteca estiveron expostos os libros de consulta e narrativa sobre mar, na fase de investigación os alumnos e alumnas empregaron de maneira autónoma materiais impresos e medios dixitais, xa que no [blogue](#) están enlazados os recursos imprescindibles. Dada a imposibilidade de recoller a totalidade de recursos bibliográficos e dixitais empregados durante o proxecto, destacamos os seguintes:

Material bibliográfico

- Boll, H. (2013): *Lección de pesca*. Madrid: Editorial Dibbuku.
- Bailey, G. (2008): *Transporte marítimo*. León: Editorial Everest.
- Fernández Naval, F.X. (2014): *As crebas, outro xeito de andar ao mar*. A Coruña: Editorial Bahía.
- García Teijeiro, A. (2015): *Palabras do mar*. Ferrol: Editorial Embora.
- García Teijeiro, A. (2016): *Poemar o mar*. Vigo. Xerais de Galicia.
- Henriques, R. (2015): *Mar*. Barcelona: Editorial Ekaré.
- Lema, R. (2011): *Costa da morte, un país de sueños y naufragios*. Malpica de Bergantiños (A Coruña): Grupo de acción costeira da Costa da Morte.
- Molero, N., Martínez, O. e Collado, S. (2008): *El libro de las preguntas. El mar*. A Coruña: Folio.
- Maceiras, X. (2018): *Contos mariños de Carballo*. Concello de Carballo.
- Navarro, R. (2007): *A odisea contada aos nenos*. Barcelona: Editorial Rodeira.
- Pose, H. (2016): *Mar de Invernía*. A Coruña: Phottic.
- Redondo Abal, F.X. (2012): *O mar da memoria: o expediente Armesto*. A Coruña: Laiovento
- Uhía, M. (2009): *Medusiña e familia*. A Coruña: Everest Galicia.

Recursos dixitais

- Vídeo inicial: [Zarpamos!](#)
- Presentación de [lendas marítimas](#) do IES Asorey de Cambados.
- [Admunsen](#), o explorador do Polo Sur.
- Video [Galicia no lombo da balea](#).
- Vídeo [A factoría baleeira de Canaliñas](#).
- Presentación de [animais fantásticos galegos](#) do IES Asorey.
- Vídeo de animación: El maravilloso mundo de los animales - [Las ballenas](#).
- Documentación sobre as [embarcacións tradicionais](#) de Galicia.

6. Tarefas

Intentamos seguir en todas as actividades unhas liñas xerais, realizando unhas **actividades previas comúns** (coñecemento do espazo onde imos traballar, manipulación dos materiais, cumprimento dunha serie de normas, análise, fotografado de momentos significativos de cada sesión...). Destacando as seguintes:

a) Tarefas Integradas

- [VIII DAS LECTURAS TERRORÍFICAS](#): unimos o mar e o medo en todas as actuacións do Samaín e conseguimos grandes representacións dende contos de creación propia, interpretación de cancións, espectáculo de luces, informativos sobre monstros mariños... Na [IX Lecturas Terroríficas](#) destacar a actuación de 4º E.P. que inventou un conto de terror coa técnica de stopmotion sendo Leo, a mascota da biblioteca, a protagonista do conto.
- [CONCURSO MONSTROS MARIÑOS](#): iniciamos o Samaín cun concurso de investigación para o alumnado máis maior do cole. Tiñan que buscar información sobre diferentes monstros mariños partindo da súa foto nun mural no corredor da Biblioteca, cando obtiñan todos os datos meteron a súa papeleta nun buzón e os que tiveron todas as respostas correctas foron os gañadores.
- [CABAZAS MARIÑEIRAS](#): para completar as actividades do Samaín cada familia decorou unha cabaza que presidiu os corredores e a creatividade foi maiúscula xa que trouxeron polbos coa súa nasa, tiburóns, estrelas de mar, buzos, barcos piratas...
- [CIDADES ASOLAGADAS](#): esta actividade estivo deseña para o alumnado dende 3º a 6º de E.P. onde tiveron que buscar información sobre diferentes cidades que quedaron asolagadas, parten de fotografías e de diferentes enlaces colgados no blogue “porto da gaia” para complementar a información que lles esixe o concurso, o gañador ou gañadores foron aqueles que tiveron todos os datos correctos.
- [ÁRBORE DE NADAL](#): pedimos colaboración ás familias para realizar unha árbore mariñeira de nadal que presidira a entrada, desta maneira cunha rede como base fomos adornando a árbore con estrelas de mar, centola, anzois, cunchas, pipotes, corchos...
- [RECEITAS MARIÑEIRAS POR NADAL](#): o alumnado trouxo da casa un receita familiar típica do nadal que tivera como ingrediente principal produtos procedentes do mar, destacaron o bacallau con coliflor, as ameixas en salsa, percebes, centolas, caldeirada... con todas elas fixemos un receptorio en papel que pasou a formar parte do fondo bibliográfico de produción propia da nosa biblioteca.
- [ÁRBORES MARIÑEIRAS](#): cada clase decorou a súa árbore de Nadal con temas mariñeiros, así peixiños de cores, cunchas con purpurina, estrelas de mar... deron vida aos nosos corredoiros.

- [ENTROIDO](#): o curso pasado unimos literatura e mar, xa que cada un dos disfraces estaba inspirado no plan lector para ese curso, atopando medusas (*Medusa se ha vuelto a enfadar*), percebes (*Superpercebe*), mexillóns (*Barxilón no mar do latón*), peixes arco iris (*El pez arco iris*), peixes (*Nadarín*), luras (*Acuario*), estrela de mares (*O conto da estrelamar*), piratas (*La isla del Tesoro*), mariñeiros e pescantinas (*Fuxiron por mar*). No presente curso, no entroido xirou en torno a un mar de lendas: serpe mariña xigante, baleas, pescadores chinos, polbos...e mesmo recreamos a lenda de San Hadrián de Malpica.
- [AUGAMARES PARA ROSALÍA](#): partindo dun dos versos de Rosalía de Castro, “Abrídeme a ventana que quero ulir o mar”, fixemos unha pequena escolma dos seus poemas que falan do mar, démosllos a coñecer ao alumando e cada aula escolleu uns versos para escribir nunha augamar, elaborando un mural fermoso de Rosalía e o mar.
- [UN MAR DÚAS ORILLAS](#): con motivo da semana da Paz, unha das actividades foi contactar con outros coles do mundo, unindo diferentes países a través do mar. Así fixemos intercambio cultural con nenos e nenas de países como Reino Unido, Marrocos, Colombia, México... Ademais os alumnos/as de 6º E.P. tamén investigaron sobre o papel que cumpriu o mar en tempos de guerra e como a historia dos malpicáns está asociada a Winnipeg (Chile).
- [MULLERES TRABALLADORAS](#): co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora, solicitamos a colaboración das familias para que as mulleres traballadoras do mar nos visitaran e explicaran o seu oficio; o que nos permitiu investigar e profundar en traballos tan diversos como por exemplo redeiras, armadoras, biólogas, piloto da mercante... ademais de realizar diferentes entrevistas na radio e facer algún podcast.
- [MAR ADIANTE](#): na honra de M^a Victoria Moreno e o seu primer libro *Mar Adiante*, cada un dos alumnos/as sacou unha foto co seu libro favorito que despois enmarcou dentro dun peixiño, con todos eles fixemos un fermoso mural para o mes das Letras Galegas que quedou colocado na entrada da Biblioteca.
- [RADIO ESCOLAR](#): cando fomos seleccionados para formar parte do proxecto Radio Escolar, en forma de concurso eliximos o nome, sendo este RADIO BALEA e o logo que non podía ser máis mariñeiro xa que é a cola de balea de Urbano Lugrís vestida como Leo, a mascota da nosa biblioteca, e cos cascos da Radio. Dende que botou andar foron moitos os entrevistados relacionados co mar como xa comentamos.
- [GIMCANA MARIÑEIRA](#): o ciclo de Educación Infantil realizou unha serie de xogos mariñeiros para despedir o curso. O capitán Milladoiro deixou seis tesouros agochados e para recuperalos tiveron que superar probas como un memory con obxectos do mar, encestar na rede, un barco con tangram... por cada proba superada obtiñan unha peza dun mapa pirata, para finalmente obter un tesouro .
- [FESTIVAL DAS LETRAS](#): intentando sempre traballar dunha maneira globalizada procuramos festexar as nosas letras a través do autor/a galego homenaxeado e tamén poñendo en valor o traballado durante o curso, así destaca a actuación de 1º E.P. sobre [cantigas populares](#) de Malpica, a interpretación de Infantil de [cancións](#) como “Manola” de Maxín Blanco, “quen me ensinou a nadar?” ou “Un peixe moi divertido” de Susa Herrera e Mamá Cabra, [un mar de palabras](#) dos poemas de Antonio García Teijeiro do 1º ciclo de E.P., un recordo a Paco Souto, [o poeta do mar](#), por parte de 4º E.P., entre outras.
- [BOOKTUBERS](#): crendo na necesidade de non poder deixar de lado os novos mundos onde se move a

xuventude hoxe en día, naceu esta actividade para que dure no tempo. Os alumnos/as recomendan diferentes lecturas a través da gravación dun vídeo que se colga no blogue “Leohle”, nun primeiro momento estaba pensado para os libros incluídos no plan lector, todos eles relacionados con mar, pero foi tal o éxito desta actividade que hoxe en día o alumnado propón os libros que máis lle gustan.

- [CREBAS](#): esta actividade tan completa onde o alumnado tomou conciencia do problema da contaminación, da importancia do reciclaxe e onde reside a verdadeira arte deixando voar a imaxinación con material que previamente recolleron nas praias.
- [O NOSO PATRIMONIO INMATERIAL](#): recompilación dunha parte moi importante da nosa sociedade, co gallo da celebración das Letras Galegas 2019 e a súa adicación a D. Antonio Fraguas, ilustre antropólogo. Recollemos nun libro con formato dixital e de papel a historia de lugares moi importantes de Malpica como son: as Illas Sisargas, a Percebillosa, a Pedra D’Ouro, A barca de Maghé... tamén material tradicional como as cantigas populares e as lendas mariñas.

b) Actividades de aula

Como sinalamos anteriormente, o obxectivo final era que o profesorado adaptase as actividades propostas dende a BE a súa programación. Proba delo foron as múltiples tarefas integradas que se levaron a cabo nas aulas partindo das propostas feitas polo equipo de Biblioteca e mesmo desenvolvéronse proxectos que incluíron as actividades a realizar fiando todas elas en torno a un mesmo centro de interese e con diferentes produtos finais. Entre moitas outras, destacamos as seguintes actividades:

- ❖ O equipo de E.I. realizou un mapamundi coa axuda da mestra de Plástica e entre todos completamos diferentes partes do mundo. As diferentes aulas elixiron unha embarcación para cruzar os mares e coñecer diferentes [países](#). Ademais, comezamos estudando o [mapa de Malpica](#) e cada un dos nomes das nosas aulas (a Percebillosa, Pedra Douro, a pedra das Garzas...).
- ❖ Empregamos diferentes técnicas como a [escritura con sal](#), [murais](#) de elementos mariños, [pintura sobre area](#), pintamos [mexillóns](#), realizamos un [mural](#) que representa o conto de Nadarín con diferentes materiais (papel, fotografías, plastilina, rede...), [peixes de cores](#) con papel celofán que despois visualizamos na mesa de luz...
- ❖ Investigamos sobre diferentes temas relacionados co mar, con resultados tan elaborados como o [caderno de animais mariños](#) de 3º E.P., [lapbooks de Ciencias Naturais](#) de 2º E.P. , estudio sobre a [caza das baleas de Malpica](#) de 6º E.P., o traballo dos [peixes](#) e das [embarcacións](#) de 6º E.I. ou a creación dun libro resumo sobre a [contaminación dos mares](#).
- ❖ Fixemos diferentes estudos de xeografía como a representación dos lugares a través de [caixas](#) para traballar de forma manipulativa como esta estruturado o territorio. E o estudo do mapa das zonas que nos son máis próximas e lles dan nome as nosas aulas, así traballamos o [mapa de Malpica](#) na clase de 5 anos.
- ❖ [Refraneiro mariñeiro](#), coa colaboración das familias o alumnado de 2º de E.P. recompilou refráns mariñeiros que escribiu e ilustrou, creando unha publicación dixital de produción propia.
- ❖ [Recuncho mariñeiro](#) na clase dos máis pequenos con aportacións como caracolas vivas, esponxas, cunchas, medusas...
- ❖ O mar serviunos para traballar moitos outros conceptos como por exemplo as [letras](#) do noso nome en Educación Infantil, xa que a inicial da mesma estaba asociada a un animal mariño, as diferentes [medidas](#) de lonxitude, traballamos as [similitudes](#) con peixes...

- ❖ [Experimentos científicos](#), por exemplo: coa tinta invisible, os diferentes estados da auga, a flotación, as densidades. [Experimentamos con auga](#) para posteriormente expoñelo ao resto de compañeiros do colexio no II Día da Ciencia e a Tecnoloxía.
- ❖ Empregamos todos os recursos dos que dispoñemos no centro para achegar o mar ao noso alumnado da maneira máis lúdica e significativa posible, así estivo presente nas nosas actividades a [mesa de luz](#), [os escornabots](#), [o croma](#), o [material 3D](#)...
- ❖ Cada curso acudiu ao laboratorio de cociña, por exemplo a clase de 5º E.I. experimentou como sabe a [auga doce e salgada](#) e a aula de 2º os [animais vertebrados: os peixes](#).

c) Actividades finais

- [MUSEO DO MAR](#): coa colaboración das familias e tamén de diversos membros da comunidade acondicionamos unha das aulas para convertela no noso propio museo mariñeiro. Destacando entre os materiais recompilados: as maquetas de diferentes barcos, un dente de cachalote, o óso da mandíbula e o dente dunha balea, cartas de navegación, partes dun barco... entre outros moitos. Aínda que é unha instalación efémera puidemos sacarlle moito partido para desenvolver o PDI.
- [DICCIONARIO DO MAR](#): elaboramos en cada aula, coas plantillas aportadas pola BE, un diccionario con todas as palabras relacionadas co mar sendo expertos en termos como baixel, chalupa, malla, quilla, salabardo, escandallo...
- [CANCIÓN E VÍDEO “UN MAR DE CONTOS”](#): elaboramos a canción “Un mar de contos”, baseada nos contos que traballamos ao longo do curso nas aulas, como por exemplo *Barxilón no mar de latón*, *Nadarín*, *A illa do Tesouro*... Cada aula creou a estrofa do conto traballado ao longo do curso e a mestra de Música, coordinadora do traballo, elaborou a melodía e subiu á radio gravar a canción cantada polo alumnado. Posteriormente realizamos un vídeo no cal cada clase realizou a súa parte empregando diferentes recursos audiovisuais coma o croma e mesmo os disfraces do entroido, e o resultado final foi este precioso [vídeo](#) que proxectamos na festa de fin de curso.

7. Implicación da comunidade educativa

O Equipo Directivo e o Claustro no seu conxunto apoia firmemente todas as actividades propostas dende a Biblioteca Escolar. Da colaboración de todos estes sectores, demóstrao o feito de que boa parte do curso traballamos conxuntamente tres equipos: Biblioteca, Normalización e Dinamización da Lingua Galega e TAC.

O conxunto do profesorado implicouse nas actividades propostas dende a xuntanza de Dinamizadores ata levar as súas programacións de aula as propostas de ALFIN. Por exemplo, dentro da actividade dos [Venres Robóticos](#), que leva a cabo a nosa compañeira Marta Couto en colaboración con diversos mestres, foron moitas as actividades tecnolóxicas que realizamos en torno o mar, como por exemplo, o traballo con [códigos QR](#) sobre animais mariños. Este taller non sería posible sen a implicación de diversos mestres, xa que ao ser un claustro pequeno cando xorden actividades extraordinarias e preciso a axuda de todos para cadrar horarios, facer substitucións...

Por outra banda, as familias, e especialmente a ANPA, colaboraron sempre que o solicitamos en todas as actividades realizadas no centro e tamén dende as súas casas coa aportación de recursos materiais, dos seus coñecementos e habilidades...

Participamos no Plan Proxecta, programa da Consellería da Xunta de Galicia, na modalidade [O sabor da](#)

[aventura está no mar](#) que fomentou o coñecemento e o consumo de diferentes alimentos mariños como o [mexillón](#). Tamén en outros como [ponlle as pilas o teu bocata](#), integrando o mar nas nosas actividades, neste caso o ingrediente principal era produtos do mar en conserva pero ademais usamos a cociña na actividade, xa que os nenos/as fixeron o seu propio boliño de pan.

Tamén é salientable a participación doutras persoas e asociacións que de maneira desinteresada aportaron coñecementos e materiais moi valiosos para o crecemento deste proxecto marítimo. Destaca [Xurxo Alfeirán](#), que nos falou cando en Malpica se cazaban baleas; a visita de [Antonio García Teijeiro](#) ao alumnado do 1º ciclo de E.P. que tiña nas súas lecturas un dos seus libros *Poemar e o mar*, asinando ademais cada un dos exemplares dos escolares; [Rivadulla Corcón](#) visitou o alumnado do 3º ciclo de E.P. para comentar a súa obra, *Os piratas da Illa Esperanza*, libro incluído no plan lector e que ademais foi todo un éxito dentro dos [booktubers](#); tamén [Leticia Costas](#) que presentou aos máis maiores a súa obra e fixéronlle unha entrevista na radio; os biólogos de [CEMMA](#) ampliaron os coñecementos sobre o mundo mariño ao alumnado de E.P. e para E.I. tivemos a sorte de contar coa visita de [Laura](#), bióloga mariña que nos converteu en expertos científicos por un día.

Destacar a contribución que fixeron ao museo do mar, os ósos de balea de M^a Esther Barca, a que fora profesora no noso centro, o dente de cachalote, o óso de mandíbula e a barba de balea pertencen ao poeta do mar [Xosé Iglesias](#). Tamén de forma temporal tivemos un [coral](#) que lle veu nas redes no barco “Anzol”, pai dun alumno de Primaria. Ademais de agradecer a colaboración de museos, asociacións e entidades culturais que nos recibiron e enriqueceron o noso proxecto: como o [Aquarium](#) de A Coruña, o [Museo do Mar](#) de Laxe e a súa lonxa (que acudiron o alumnado do 3º ciclo de E.P. dentro das actividades do Plan Proxecta), o [Faro de Punta Nariga](#), a Feira Náutica de Camariñas ([FENAU CAM](#)) e o faro Vilán, a exposición [Pola beira do mar](#) no Castelo de Santa Cruz en Oleiros, entre outros.

8. Difusión

Para dar a coñecer todos os traballos realizados ao resto da comunidade educativa empregamos, principalmente, o blogue (<https://portodagaia.blogspot.com/>) creado coa finalidade de que todas as persoas poidan ter acceso, en calquera momento, as actividades que día a día se realizan, comprobar os avances conseguidos, os diferentes contidos traballados... Do mesmo xeito, tódalas fotos, vídeos, montaxes, recursos ... atópanse aloxados no blogue de Infantil, nos correspondentes de Primaria e no da Biblioteca, xa que cremos na globalidade da educación. Os blogues do noso centro son os que seguen:

- ❖ Biblioteca: www.bemilladoiro.blogspot.com.es
- ❖ E. Infantil: www.cativosmilladoiro.blogspot.com.es
- ❖ 1º e 2º cursos de E. Primaria: www.picarosmilladoiro.blogspot.com.es
- ❖ 3º e 4º cursos de E. Primaria: <https://baleatos.blogspot.com/>
- ❖ 5º e 6º cursos de E. Primaria: www.malpicamil.blogspot.com.es

Destacamos neste proxecto o blogue de animación a lectura Leolhe (<http://nautilusmil.blogspot.com/>), que recolle os booktubers, moitos deles adicados a libros relacionados coa PDI como comentamos anteriormente.

Ademais, os diferentes proxectos que se desenvolven no centro, xa sexan de maneira global ou de aula, teñen a súa repercusión na páxina web do centro, quedando este proxecto tamén recollido no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmilladoiro/> e nas publicacións de VIMEO.

Por outra banda, creamos o museo do mar que visitou o alumnado durante todo o ano e as familias nos correspondentes fin de curso coa celebración do Día da Familia. Os corredores e a entrada do centro albergaron os traballos que cada aula fixo individualmente ou traballos colectivos, como por exemplo a árbore de Nadal ou o mural adicado a M^a Victoria Moreno, e completamos as informacións dentro dos murais con códigos QR.

Como cada curso, elaboramos, coa colaboración das familias, os libros de produción propia que xa forman parte da nosa biblioteca como: o receitairo de Nadal, o dicionario mariñeiro e o noso Patrimonio Inmaterial.

Entregamos a cada familia un exemplar da [revista escolar Dígocho Eu](#) onde as aulas publican actividades realizadas ao longo do curso, ademais doutras seccións enmarcadas dentro do PDI.

En fin de curso proxectamos no Centro Cívico un [vídeo resumo](#) das actividades realizadas ao longo dos dous cursos de PDI e celebramos o Día da Familia, invitando ás familias a visitar o centro guiados polo alumnado de 6º de E.P. e a compartir Xogos Populares cos seus fillos animados polo alumnado de 5º de E.P. e coordinados polo profesorado.

9. Avaliación

Durante todo o proceso realizouse unha avaliación continua que nos permitiu adaptar, reconducir, axustar as propostas de traballo, os materiais, os espazos... empregamos a observación directa, a valoración dos materiais creados, o rexistro anecdótico, a autoevaluación e a coevaluación grupal pero ademais prantexamos unha avaliación máis obxectiva para detectar os puntos débiles, mellorables e fortes de próximas propostas. Así analizamos os seguintes criterios e graos de consecución da PDI:

- Consecución dos obxectivos prantexados: Alto.
- Temporalización das actividades: Mellorable.
- Traballo cooperativo entre o alumnado: Adecuado.
- Participación da comunidade educativa: Alto.
- Asunción de responsabilidades: Mellorable.
- Adecuación dos espazos e recursos: Adecuado.
- Aprendizaxe activo e significativo: Alto.

Para a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, empregaremos rúbricas de avaliación a partir dos estándares de aprendizaxe propostos, por suposto adaptados a cada unha das programacións de aula pero presentamos a seguinte proposta:

INDICADORES DE LOGRO				
CRITERIOS	Excelente	Satisfactorio	Mellorable	Inadecuado
Empregar diferentes medios para coñecer as características e clasificar os seres vivos.	Emprega adecuadamente distintos medios para coñecer e clasificar seres vivos, mostrando interese polos mesmos.	Emprega diversos medios para coñecer e clasificar seres vivos.	Emprega medios para observar seres vivos.	Emprega de maneira inadecuada os medios para coñecer os seres vivos.
Describir os ecosistemas e os seus compoñentes.	Describe e diferencia as características dos diferentes ecosistemas e os ubica no seu terreo.	Coñece e diferencia as características dos diferentes ecosistemas e os ubica.	Distingue os diferentes compoñentes dos ecosistemas	Diferencia un ecosistema
Coñecer os recursos naturais e o seu uso sostible mostrando hábitos de respecto e coidado cara os mesmos.	Describe diversos recursos naturais o seu uso sostible e mostra hábitos de respecto e coidado, como o reciclaxe.	Coñece recursos naturais e o seu uso sostible e hábitos de respecto e coidado.	Diferencia recursos naturais e o seu uso sostible de outros que non o son.	Diferencia recursos naturais de outros.
Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural e propoñer medidas para un desenvolvemento sostible.	Explica e entende a influencia do comportamento humano no entorno natural e propón medidas para o desenvolvemento sostible da sociedade á que pertence.	Entende a influencia do comportamento humano no entorno natural e propón algunha medida sostible.	Coñece a influencia do comportamento humano no entorno natural e as medidas de sustentabilidade.	Infravalora a influencia do comportamento humano e as medidas de sustentabilidade.
Valorar as tradicións da vila e as actividades económicas propias do entorno.	Recoñece as tradicións propias e identifica as actividades económicas mariñeiras, valorándoas por elas mesmas.	Recoñece algunha tradición e actividade marítima propia e as valora.	Recoñece tradicións e actividades marítimas.	Non distingue tradicións nin actividades marítimas de actividades doutros sectores.
Ser creativo no plantexamento de actividades marítimas que ademais respecten o medio e o enriquezan.	Participa de maneira activa no plantexamento de actividades, que ademais contribúen na conservación do medio e explica a súa motivación.	Colabora no plantexamento de actividades que respecten o medio.	Procura colaborar en actividades marítimas plantexadas que respecten o medio.	Non propón actividades e non participa de maneira activa nas actividades plantexadas.

10. Función e participación da biblioteca

Para entender cal foi a función e participación da biblioteca o primeiro que temos que recordar é co obxectivo deste centro é chegar a ser unha **Escola Bibliotecaria**. Por isto, a nosa Biblioteca Escolar constitúe o eixe central do centro, lugar de recursos, de traballo , de investigación, de nacemento de ideas, de deixar voar a imaxinación, a creatividade, de pescuda de información, de crecemento de coñecementos... Dela nace propostas tan valiosas e enriquecedoras como esta PDI, O mar que nos dá... que non podería levarse a cabo sen ser apoiada, complementada, enriquecida e sustentada polo resto da Comunidade Educativa, pero estando sempre a base na Biblioteca Escolar.

Desta maneira caben destacar as seguintes funcións, coordinar as actividades da PDI xunto cos outros equipos de traballo do centro; buscar e seleccionar documentación tanto en soporte papel como dixital; actualizar os fondos existentes mercando libros e outros materiais relacionados coa temática do mar; orientar ao alumnado e ao profesorado sobre os recursos bibliográficos máis axeitados para as súas necesidades; decorar e organizar os espazos, cambiando as exposicións que presiden a biblioteca por exemplo, para adecualos as actividades que integraron a PDI; propor actividades onde teña participación a comunidade educativa, como por exemplo as mulleres adicadas ao mar, ou encontros cos escritores incluídos dentro do noso plan lector, como X.H. Rivadulla Corcón ou Antonio García Teijeiro; dar forma aos traballos finais, encadernándoos e pasando a formar parte do fondo da biblioteca.

Destacamos estas funcións, pero son moitas as pequenas labores que se realizan no día a día dende a biblioteca para proporcionar os recursos precisos que permitan a todo o alumnado alcanzar con éxito o desenvolvemento de todas as competencias claves e entre todos contribuír a formar cidadáns do s.XXI, preparados para aprender durante toda a súa vida.